

ESTIMULACION DA LINGUA ORAL

Ola a tod@s!!

Que preto estamos xa do mes de xuño, verdade? Xa queda pouquísimo de cole-casa!!

E agora que xa podemos saír e ir á praia, o tempo pasa máis rápido.

Espero que vos gusten as actividades desta semana, que comezan cun conto moi corto pero moi chulo "Animales" contado en LSE e galego, e despois traballamos o fonema /q/.

Unha aperta moi forte e moitos bicos!!




PROPUESTA 1.- ANIMALES

Queredes aprender o nome de algúns animais en LSE?

Con este conto Tareixa, do CEIP Quiroga-Palacios, ensínanos o nome de varios animais: caracol, crocodilo, tartaruga, elefante, grilo,...

Anímate e preme na portada do libro!!



Proposta 2.- CARREIRAS DE VERMES

Mirade que actividade de sopro máis divertida!!
Imos facer carreiras de vermes...

Necesitades unha tira de papel de 15*3 cm
e unhas palliñas.

Preme sobre a imaxe para ver como
facelo.



É divertidísimo!!!

Proposta 3.- ESCOITA E ADIVIÑA O ANIMAL

Serás quen de adiviñar estes animais?
Escoita os sons e preme no animal correspondente.
A xogar!!!



Proposta 4.- O FONEMA /G/ DE GATO

Xa por último deixovos unha imaxe interactiva con 3 actividades para practicar o fonema /g/.

Con elas traballaremos o nome de moitos animais: gato, grilo, gorila, galo, galiña,...

Preme para acceder a imaxe interactiva e logo a aprender xogando!!

